



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

OFICINA DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

INFORME SOBRE AS CONDICIÓNIS DE ANCLAXE DO ALUMEADO DE NADAL DA RÚA DO PRÍNCIPE DO CONCELLO DE VIGO

En cumprimento da orde recibida do Concelleiro Delegado da Area de Urbanismo e Vivenda D. José Manuel Mariño Mendoza procedeuse a visita-la rúa do Príncipe co obxecto de inspecciona-las condicións da instalación de alumeado de Nadal.

As conclusións do presente informe responden únicamente ás condicións de anclaxe do alumeado que poden ser valoradas cunha inspección visual. Non se valoran outros aspectos técnicos que deberían ser obxecto de cálculo, como poden ser o tipo de anclaxes, a súa dimensión, o grosor do cableado de soporte, etc.

Faise constar tamén que se descoñece o peso total destes elementos de alumeado, polo que as consideracións feitas neste informe responden exclusivamente ós criterios lóxicos que deben rexir na instalación de calqueira elemento sobre a vía pública.

Da inspección realizada considérase dende este servizo técnico que, por razóns de seguridade, non se deben permiti-los seguintes aspectos:

- Existen numerosos puntos de suxección ás farolas existentes. A suxección dun alumeado de Nadal destas dimensións non deberá facerse a elementos de mobiliario urbán, toda vez que non se pode garanti-las condicións de suxección destes elementos e a súa capacidade portante para soporta-las accións derivadas desta nova instalación.
- Do mesmo xeito, existen algúns puntos de suxección a carteleiras de publicidade (por exemplo na banderola de C&A), a elementos voados (coma pode se-la balconada do Museo MARCO) ou a andamiaxes existentes en edificacións da rúa. A estabilidade destes elementos non se pode garantir conforme ó indicado no derradeiro apartado.
- Os puntos de suxección situados nas xuntas de morteiro da fábrica de pedra tampouco deben considerarse coma seguros polo que compre esixir a súa modificación.
- Existen algúns elementos de suxección que non teñen puntos de anclaxe empotrados en elementos estruturais e somentes contan cunha solución de atado, coma por exemplo no caso das pilastras de pedra do edificio Porta Príncipe. En primeiro termo considérase que todo elemento de suxección debería contar cun punto de empotramento en elemento estrutural resistente (polo que deberían sustituírse aqueles que somentes contan cun sistema de amarre sen punto de anclaxe) e en segundo considerase que non son axeitadas as suxeccións a elementos esbeltos de fábrica de pedra, como é o



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

caso das devanditas pilastras, salvo que se xustifique a súa seguridade en base a un cálculo estrutural.

- Algúns puntos de suxección se sitúan en fachadas revocadas que, supostamente, están compostas por unha fábrica de tixolo. Habería que garantir neste caso co tornillo empotrado neste tipo de fábrica e as súas condicións de empotramento son aptas para soportar as accións derivadas desta nova instalación.

CONCLUSIÓN

Considerando coma non válidas as suxeccións a elementos de mobiliario urbán, a elementos de carteleiras de publicidade, aquelas que se atopan en xuntas de morteiro da fábrica de pedra e, en xeral, todas aquelas que non se atopan en elementos que poidan garantir a absorción de forzas de tracción, pódese concluir que practicamente a totalidade dos elementos de alumeado de Nadal instalados na rúa do Príncipe precisarían de modificacións nos seus puntos de suxección, sen entrar a valorar, coma se indicou no comezo deste informe, aqueles aspectos técnicos que deban ser obxecto de cálculo estrutural.

NOTA: achégase co presente informe catro páxinas de reportaxe fotográfica nas que se recollen as deficiencias detectadas na visita de inspección.

Vigo, a 5 de decembro de 2008
Arquitectos Municipais

Asdo. Juan Luis Piñeiro Ferradás

Asdo. David Carvajal Rodríguez-Cadarso